



GRUPO PROVINCIAL

Dª. Montserrat Lama Novoa, Voceira do Grupo provincial de Ciudadanos - Partido de la Ciudadanía da Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu coñecemento e posterior aprobación se procede:

DISPOR DO 100% DO REMANENTE DE TESOURERÍA

A nosa veciñanza está agardando, que dende as administracións públicas, se lles de resposta as difíciles situacións que está a xerar a crise do COVID19, co convencemento de que os seus representantes públicos, van atender todas as demandas que levan xurdindo nas últimas semanas e que van a seguir evolucionando creando unha gran crise socioeconómica, que só podemos atallar dispondo dos fondos propios que tanto aos concellos como deputacións, lles pertence.

A lealdade sempre debe ser bidireccional, por elo entendemos que o Goberno Español debe estar a altura e amosar a lealdade e compromiso do que sempre fai bandeira.

Por todo elo, como grupo político comprometido co benestar da nosa veciñanza, queremos traballar pola reconstrucción económica e social da nosa provincia, con lealdade, firmeza e perseveranza.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao pleno os seguintes **ACORDOS**:

1. Instamos ao Goberno de España a que os concellos e deputacións poidan dispor do 100% dos remanentes de tesourería obtidos polas entidades, flexibilizando a regra de gasto para todas as entidades locais e provinciais con



superávit con independencia de que cumpran ou non os requisitos establecidos na Disposición Adicional sexta da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, co fin de paliar os danos económicos provocados polo estado de alarma.

Ourense, 5 de Maio de 2020

A handwritten signature in black ink, appearing to read "M.te".

D^a. Montserrat Lama Novoa

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE